

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 53385 (10/POC-008359)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Novo Fariña, María Isabel e 6 máis
Sobre a avaliación polo Goberno galego do resultado dos simulacros do plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais efectuados neste ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.2 55565 (10/POC-008763)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre o compromiso real do Goberno galego en relación coa introdución da perspectiva de xénero na mellora dos ámbitos urbanos, o prazo previsto para a redacción da guía que sirva de base e ferramenta para os técnicos involucrados nos procesos urbanísticos e o tipo de actuacións urbanas que está a analizar desde esa perspectiva
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 1.3 56291 (10/POC-008845)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para dotar de servizo de extinción de incendios e salvamento os concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Moraña, Ponte Caldelas e A Lama e, en xeral, todos aqueles nos que o tempo de resposta do servizo supera os vinte minutos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 32054 (10/PNC-002611)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Torregrosa Sañudo, Julia



Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina antifraude onde se poidan denunciar de forma anónima posibles casos de corrupción producidos dentro do sistema público galego

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

- 2.2 33665 (10/PNC-002756)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia no prazo de tres meses dun documento que permita unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais galegas que permitan establecer medidas que reequilibren a dotación anual nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao ano 2019

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018

- 2.3 53820 (10/PNC-004287)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Parlamento de Galicia para solicitar do Goberno do Estado as modificacións lexislativas necesarias para potenciar o papel do procurador como colaborador da Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019

- 2.4 55016 (10/PNC-004360)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos bens públicos espoliados durante a ditadura franquista

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019

José Manuel Rey Varela

Presidente da Comisión

José Manuel
Rey Varela

Firmado digitalmente por José Manuel Rey Varela
Nombre de reconocimiento (DN): cn=José Manuel Rey Varela,
email=jose.rey.varela@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.10.08 12:05:08 +02'00'



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Rey Varela na data 08/10/2019 12:05:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 08/10/2019 13:13:06
Nº Rexistro: 17317
Data envío: 08/10/2019 13:13:06.629

CSV: REXISTRO44Y1Zny4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

